

Pablo Montero Carrera, secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

**CERTIFICA:**

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada 30 de novembro de 2018, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.d. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

**Asunto: Sorteo das mostras dos produtos ofertados polas empresas licitantes admitidas no procedemento aberto convocado para que se deberán achegar polas empresas que participan no procedemento aberto convocado para a *Subministración de artigos de droguería, aseo persoal e limpeza e produtos de lavado industrial para o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra (Expte. 2018034050)*.**

O secretario da Mesa de Contratación informa que o procedemento aberto convocado para a *Subministración de artigos de droguería, aseo persoal e limpeza e produtos de lavado industrial para o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra* convócase mediante anuncio de licitación publicado no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 06 de novembro de 2018. Na mesma data, publícanse no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Asemade, informa que a presentación de ofertas realízase mediante a plataforma de licitación electrónica VORTAL, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar tódalas ofertas presentadas polas empresas licitadoras.

O Secretario informa, que unha vez examinada pola Mesa de Contratación a documentación xeral presentada nos Sobres "A" polas empresas licitadoras a este procedemento, as empresas admitidas foron:

EMPRESA	LOTE AO QUE OPTA
Darlim, S.L.U. (B-36.612.562)	1, 2, 3
Diversey España, S.L. (B-28247849)	3

O Secretario informa que, de conformidade co establecido na cláusula 5.o. do prego de cláusulas económico-administrativas que rexe neste procedemento, unha vez realizada a apertura dos Sobres "B", corresponde á Mesa de Contratación, en acto público, realizar o sorteo para concretar os artigos que as empresas licitadoras deberán achegar como mostras para cada un dos Lotes, ademais dos xa indicados como obrigatorios na cláusula 12.2.D. do referido prego.



A relación dos produtos que se inclúen no sorteo correspondente ao Lote 3, segundo o indicado na referida cláusula do PCA, para a concreción de 2 das mostras que deberán presentar as empresas licitantes é a seguinte:

MOSTRAS		
núm.sorteo	código	descripción
1	1	deterxente atomizado para prelavado e lavado, especialmente formulado para o uso de lavanderías comerciais ou opl. o produto poderase aplicar en augas blandas e de media dureza. 20kg
2	3	suavizante textil líquido especialmente formulado para ser usado tanto en lavanderías comerciais como opl. adecuado para calquera tipo de tecido. produto con agradabe perfume e que facilite ao pranchado e calandrado da ropua. en 20 lts
3	5	deterxente de máxima eficacia para a eliminación de manchas difíciles con un só produto. formulado para máquinas d euso doméstico. caixa 7,5 lts

Seguidamente , o Secretario informa que, para a realización do referido sorteo, introducíranse na bolsa que se mostra ás persoas asistentes, 3 bolas, numeradas do 1 ao 3, e que se corresponden coas numeracións outorgadas aos produtos na táboa.

A Mesa de Contratación procede a realizar o sorteo conforme ao sinalado e, unha vez extraída unha bola (nº 3), indícase que os produtos seleccionados serán os dous restantes (nº 1 e 2):

Relación dos produtos seleccionados como resultado do sorteo..		
núm.sorteo	código	descripción
1	1	deterxente atomizado para prelavado e lavado, especialmente formulado para o uso de lavanderías comerciais ou opl. o produto poderase aplicar en augas blandas e de media dureza. 20kg
2	3	suavizante textil líquido especialmente formulado para ser usado tanto en lavanderías comerciais como opl. adecuado para calquera tipo de tecido. produto con agradabe perfume e que facilite ao pranchado e calandrado da ropua. en 20 lts

O Secretario informa de que o resultado do sorteo publicarase no Perfil do Contratante e na Plataforma de Licitación electrónica da Deputación de Pontevedra, VORTAL, aos efectos de que as empresas licitadoras presenten a totalidade das 4 mostras dos produtos por eles ofertados, no prazo, lugar e



xeito indicados na cláusula 5.3. do prego administrativo que rexe neste procedemento.

E para que conste, estende a presente en Pontevedra a 30 de novembro de 2018.

